

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE ABRIL DE 2023

Ás 13:10 horas do día 25 de abril de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste aos puntos 9 e 10)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 11b e 11d)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 11c)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11e)
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, xefe do Servizo de Patrimonio (asiste ao punto 11f)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 1 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Infórmase que na Plataforma de Contratos do Sector Público consta que un dos licitadores, BARAFUNDA, S.L. (lotes 2, 3, 9, 10 e 11), optou pola presentación mediante pegada electrónica. No entanto, non consta presentada a documentación esixida polo PCAP para esta forma de presentación tal e como se desprende do certificado expedido polo Rexistro Xeral e segundo as pertinentes comprobacións no correo de Contratación indicado no referido prego.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal" dos licitadores que optaron pola presentación electrónica na Plataforma de Contratos do Sector Público, tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. DANIELA ALVITE WAISMAN (lotes 1 e 7)
 2. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lotes 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10 e 11)
 3. KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. (lotes 1, 4 e 7)
 4. LEONARDO BRANDAO RODRIGUEZ (lotes 1, 2, 3, 8, 10 e 11)
 5. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lotes 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9, 10, 11 e 13)
 6. SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12)
 7. TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (lotes 1, 5, 6 e 8)
 8. UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lotes 10 e 13).
- b) Outorgar un prazo de tres días a ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lotes 2, 4, 8 e 10) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá presentar un novo Anexo II do PCAP onde indique no punto d) "COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS" que si se compromete a adscribir ao contrato os medios persoais recollidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- c) Non admitir a BARAFUNDA, S.L. nos lotes 2, 3, 9, 10 e 11 deste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 14 do PCAP:

"No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes de que remate o prazo de presentación de ofertas. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de Contratación: contratacion@vigo.org.

O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 2 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCFCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público o licitador non completou a presentación electrónica da súa proposición senón que seleccionou a forma de presentación mediante pegada electrónica, pero non consta presentado o xustificante de presentación da pegada ou resumo da oferta nin no Rexistro Electrónico nin no correo do Servizo de Contratación, tal e como esixe a citada cláusula do PCAP, polo que non é posible descifrar a súa oferta.

Notificado o anterior acordo polo Servizo de Contratación, recíbese, durante a sesión, a través do Rexistro Electrónico o documento nº 230115009 presentado por ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. no que inclúe un novo anexo II do PCAP debidamente cumprimentado.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir a ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. nos lotes 2, 4, 8 e 10 deste procedemento por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda conceder un prazo de 3 días á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%) para que poida emendar o sobre B mediante escrito asinado polo representante con poder de representación de CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no que subscriba a oferta presentada pola UTE nos lotes 10 e 13 o 21 de abril de 2023 ás 09:00 horas, dado que a oferta só consta asinada polo representante de XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.

Lémbrese que se ten constancia de que o Sobre C adoece do mesmo erro, pode aproveitar para emendalo no mesmo escrito sen que en ningún caso desvele o contido da oferta.

Unha vez emendada a documentación polo citado licitador, solicitarase informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 3 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCFCE-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación o 19 de abril de 2023 de valoración do Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 24 de abril. A Mesa, por unanimidade, acepta o segundo dos informes.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2023, do 16 de marzo, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Único.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	95,00 puntos
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.	87,48 puntos
3	PREVISONOR, S.L.	77,62 puntos
4	GEROSALUD, S.L.	52,45 puntos

Dado que a orde de clasificación non variou respecto da clasificación acordada o 19 de decembro de 2022, previa á resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2023, do 16 de marzo, e este procedemento xa fora adxudicado a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. por ter presentado correctamente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP, non procede esixirlle novamente a documentación.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10.056-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 4 de abril de 2023 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación a EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. que presentou documentación o 20 de abril, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 4 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCFCE-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Unha vez revisada, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días a EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. para que poida acreditar a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º e apartado 5B do Anexo I -FEC- do PCAP:

"Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

O licitador achegou unicamente unha declaración responsable de contratos executados para entidades tanto públicas como privadas.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Coruña" (1.458-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Coruña" (1.458-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA RÚA CORUÑA", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 19 de xaneiro de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 5 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS CATORCE MIL TRESCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (514.343,48 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 89.266,22 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	514.343,48 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de marzo de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Coruña" (1458-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A.	98.192,85 €
2	MISTURAS SA	77.662,26 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI SL	74.431,03 €
4	CONSTRUCCIONES VALE SL	69.117,56 €
5	COVSA	46.375,93 €
6	NAROM S.L.	44.335,56 €

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A. (B36494185 e A36016665), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A., o día 11 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 e 21 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 30 de marzo de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 7 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023, de MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de marzo de 2023.
2. Adxudicar á UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A. (B-36.494.185 e A-36.016.665) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Coruña" (1.458-441) por un prezo total de 395.530,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 68.645,73 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do convenio de colaboración para a execución dun "Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no Colexio CEIP Javier Sensat" asinado nas datas 22 e 25 de outubro de 2021".

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila" (11.873-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 8 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



aberto para a contratación do servizo de xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila" (11.873-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila"

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de decembro de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 16 de decembro de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 79.669,98 € que inclúe un IVE (21%) de 13.827,02 €, para a contratación da xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila", que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 32.712,89 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 39.834,99 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 7.122,10 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos futuros orzamentos.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila" (11873-224) na seguinte orde descendente:

Nº ORDE	LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
------------	------------	------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 9 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1	FOROX INNOVACION, S.L.	83.75
2	GARBO&GARDNER SL	82.53
3	ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L.	64.05
4	APAIOGA - ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE AXENTES DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES GALEGA	48.19

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACION, S.L. (B27742014), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACION, S.L., o día 5 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 e 25 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FOROX INNOVACION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 10 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FOROX INNOVACION, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 1 e 31 de marzo de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 16 de febreiro de 2023 polo que non se admitiu a DANIELA ALVITE WAISMAN neste procedemento por non presentar correctamente a súa proposición de conformidade co esixido na cláusula 14 do PCAP.*
2. *Adxudicar a FOROX INNOVACION, S.L. (B-27.742.014) o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do "Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto lila" (11.873-224) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo máximo do contrato é de 79.669,98 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.827,02 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G da FEC do PCAP do 18,77%.*
 - b) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores da esixida no apartado 5F e nos termos previstos no apartado 7B das FEC do PCAP de 4 das persoas que executarán os traballos.*
 - c) *Incrementa a formación en materia de Igualdade entre mulleres e homes e Prevención e Atención da violencia de xénero dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores da esixida no apartado 5F e nos termos previstos no apartado 7B da FEC do PCAP de 4 das catro persoas que executarán os traballos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Marqués de Valladares" (1.459-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 11 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Marqués de Valladares" (1.459-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA RUA MARQUES DE VALLADARES", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con 20 de xaneiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS CATORCE MIL CENTO NOVE EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (214.109,42 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 37.159,49 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	214.109,42 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ANTONIO FILLOY, S.A., S.L., por conter as súas ofertas valores



anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 30 de marzo de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Marqués de Valladares" (1459-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	20.756,22 €
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14.633,76 €
3	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	12.864,26 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	0,00 €

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 11 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 e 25 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 30 de marzo de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023, da UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL - ANTONIO FILLOY, S.A., S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo consonte ao informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Investimentos o 30 de marzo de 2023.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Marqués de Valladares" (1.459-441) por un prezo total de 188.994,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.800,68 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do convenio de colaboración para a execución dun "Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no Colexio CEIP Javier Sensat" asinado nas datas 22 e 25 de outubro de 2021".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 14 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



e) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xaneiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHES DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, 5280-611.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 14 de decembro do 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 20 de xaneiro do 2023.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 3.132.471,54 euros euros con iva, sendo o IVE a soportar pola administración de 543.652,09 euros. Importe licitación sen iva 2.588.819,45 € euros.

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

DISTRIBUCION ORZAMENTARIA	PERIODO	IMPORTE	APLICACION ORZ.
ANO 2023	12/04/2023 a 31/12/2023	748,312.65 €	3420. 2279918
ANO 2024	01/01/2024 a 31/12/2024	1,044,157.18 €	3420. 2279918



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 15 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANO 2025	01/01/2025 a 31/08/2025	1,044,157.18 €	3420. 2279918
ANO 2026	01/01/2026 a 11/04/2026	295,844.53 €	3420. 2279918

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420. 2279918 Apertura e peche instalacións extrarradio, e bolsa de vinculación, do programa 3420/22 das seguintes aplicacións orzamentarias.

34202211000	productos limpeza	1.500
34202219900	outro material	3.000
34202219901	protección covid	8.000
34202230000	transporte	1.000
34202260100	atencións protocolarias	1.000
34202260200	publicidade e propaganda	2.000
34202260300	publicacións diarios oficiais	2.000
34202269900	outros gastos diversos	1.500
34202270000	limpeza	10.000
34202270001	limpeza extraordi. Covid	12.000

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de marzo de 2023, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP, inferior ao 50% da puntuación máxima (“Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”):

1. INTEGRACION DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.
2. INTEGRACION SOCIAL DE MINUSVALIDOS, S.L.

Segundo.- Excluír deste procedemento a OSGA, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprir, a súa xustificación, os requisitos



para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e polo xefe do Servizo de Deportes o 31 de marzo de 2023.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5280-611) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL SOBRE C	TOTAL SOBRE B	PUNTUACIÓN FINAL
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO- GALICIA, S.L.	52,64	40	92,64
2	COMBINA SOCIAL, S.L.	60,00	20	80
3	PREMIATSU, S.L.	29,46	28	57,46

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. (B27715879), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., o día 11 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 de marzo e 4 de abril de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. " Tomar razón dos seguintes acordos e resolucións:

- *Acordo da Mesa de Contratación do Concello de Vigo do 16 de marzo de 2023 polo que se exclúe aos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP, inferior ao 50% da puntuación máxima ("Aqueas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación"):*
 - *INTEGRACION DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.*
 - *INTEGRACION SOCIAL DE MINUSVALIDOS, S.L.*
- *Resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), do 5 de abril de 2023, pola que se exclúe deste procedemento a OSGA, S.L., por*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 18 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCFCE-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non cumprir, a súa xustificación, os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e polo xefe do Servizo de Deportes o 31 de marzo de 2023.

2. *Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. (B-27.715.879) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, información, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (5.280-611) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo máximo do contrato é de 3.132.471,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 543.652,09 euros.*
- b) *Propón unha porcentaxe de desconto do 15,67% a aplicar ao prezo unitario da hora ordinaria recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) *Propón unha porcentaxe de desconto do 16,28% a aplicar ao prezo unitario da hora nocturna recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- d) *Propón unha porcentaxe de desconto do 14,30% a aplicar ao prezo unitario da hora festiva recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

f) Procedemento para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (21.088-240)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (21.088-240)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 19 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Excmo Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 16.12.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.01.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 92002240002 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

2023	200,000.00 €
2024	200,000.00 €
TOTAL	400,000.00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (21088-240) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN
1º	AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	90,00
2º	CHUBB EUROPEAN GROUP SE	86,15
3º	HELVETIA COMPAÑIA SUIZA DE SEGUROS Y REASEGUROS	81,71



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4º	ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	59,69

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A60917978), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o día 14 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 e 24 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AXA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 21 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 10 de abril de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978) o procedemento para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo (21.088-240) coas seguintes condicións:

- a) O prezo da prima do seguro para as dúas anualidades é de 324.323,30 euros (exento de IVE).*
- b) Propón unha redución da franquía de 4.500,00 euros.*
- c) Propón un incremento do límite de indemnización por sinistro de 15.000.000 euros (punto 8 do PPT) a 30.000.000 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 08:10	Páxina 22 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14F-53CEDB-CHCF-GBZN2A-BCYPGQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		